



Eladio Ferreiro Otero: un mestre entre as escolas americanas de fundación e a escola pública¹

(Eladio Ferreiro Otero: a teacher among the founding american schools and a public school)

Carlos MÉIXOME QUINTEIRO
Instituto de Estudos Miñoráns

RESUMO: Eladio Ferreiro Otero, o mestre de Borreiros (Gondomar), exerceu nesta parroquia miñorá ata a súa xubilación en 1946. Mais a súa figura está unida a unha das “escolas americanas” de máis longa proxección na historia da educación de Galicia, da que foi director dende a andaina inicial, maio de 1909, ata o seu cesamento en setembro de 1923. Estamos a falar das escolas que puxo en marcha a “Unión Hispano-Americana Pro Valle Miñor (UHA-VM)”, institución fundada en 1905. Ferreiro foi o encargado de facer realidade a iniciativa impulsada dende as beiras do río da Prata pola emigración miñorá. O seu labor educativo quedou unido á personalidade do pedagogo ourensán que exerceu unha ampla influencia política e social no Val Miñor.

PALABRAS CHAVE: Unión Hispano-Americana Pro Valle Miñor; Eladio Ferreiro Otero; Val Miñor; Gondomar; escolas americanas.

ABSTRACT: Eladio Ferreiro Otero was the teacher of Borreiros (Gondomar) until his retirement in 1946. But his figure is linked to the “American school” that reached the greatest repercussion in the history of education in Galicia; we are talking about the school started up by the “Union Hispano-Americana Pro Valle Miñor (UHAVM)”, an institution founded in 1905. He run it from its initial stage, May 1909, until his dismissal in September 1923. Ferreiro was in charge of carrying out the initiative promoted from the banks of the River Plate by Miñor’s emigration. Its educational work was linked to the personality of this pedagogue, born in Ourense, who exerted broad political and social influence in the Val de Miñor.

KEY-WORDS: Unión Hispano-Américana Pro Valle Miñor; Eladio Ferreiro Otero; Val de Miñor; Gondomar; American schools.

¹ Este texto é unha reelaboración e substancial ampliación do meu traballo “Noticia dun mestre: Eladio Ferreiro” recollido en Xosé Manuel Malheiro Gutierrez (coord.), *Actas do Congreso. Emigración e Educación (1900-1936). I Centenario das Escolas da Unión Hispano-Americana Valle Miñor (1909-2009)* (Gondomar: IEM, 2011): 389-412.

Breves notas biográficas

Naceu o noso protagonista na cidade de Ourense en 1885. Segundo o relato do seu fillo Eustaquio,² realizou estudos de Farmacia na universidade compostelá, mais non deberon ser do seu agrado pois mudounos polos de Maxisterio, dos que titulou na Normal de Valladolid.³ Nos momentos iniciais da súa carreira exerceu como interino en Montederramo,⁴ en 1904, e, ao ano seguinte, en San Cibrao das Viñas;⁵ ambos os concellos da bisbarra ourensá.

Casou con María del Carmen Tizón Aguiar (1884-1961), de abastada familia fidalga, procedente do pazo dos Tizón ou de Eiras, nesta parroquia do San Amaro. O matrimonio tivo nove fillos. Naquela altura, o “ilustrado profesor de instrucción primaria” estaba tamén empregado no goberno civil.⁶

A familia Tizón Aguiar residía habitualmente en Ourense, así nolo indica a necrolóxica da sogra de Ferreiro.⁷ Tanto Carmen como Eladio faleceron no Pazo de Eiras e están soterrados no panteón familiar situado en fronte do pazo, na bocarribeira do Miño, como diría Otero Pedrayo, ben pretiño do castro de San Cibrao de Las. Alí descansan os restos dun dos protagonistas da vida política e educativa do Miñor da primeira metade do século XX. Tiña 80 anos cando faleceu e unha mancha de amizade no Val que inducían ao gaceteiro a intuír “una nutrida asistencia”⁸ ao seu funeral na igrexa de San Bieito de Gondomar.

A carreira profesional

Ademais dos traballos como interino que sinalamos, Eladio Ferreiro concorreu, en 1907,⁹ ás oposicións que tiveron lugar en Santiago e exerceu na escola completa de Salceda de Caselas.¹⁰ En 1909 realizou as probas para escolas dotadas.¹¹

Segundo nos confirmou o seu fillo Eustaquio e se recolle nunha nota de prensa,¹² publicada con motivo da homenaxe que lle tributou a sociedade miñorá, semella que lle andou a furar o caletre a aventura americana. Seica xa tiña preparada a pasaxe, pero cancelouna ante a oferta de traballo no Val Miñor.

² Entrevista realizada en novembro de 2003. Tiña naquela altura 81 anos; faleceu dous anos máis tarde. Estudara Medicina en Compostela e desenvolveu a súa carreira profesional en Nova York. Unha vez xubilado, estableceuse en Vigo (Arquivo sonoro do Instituto de Estudos Miñoráns).

³ *Gaceta de Galicia*, 5/1/1907.

⁴ *El Correo de Galicia*, 28/11/1904.

⁵ *El Correo de Galicia*, 5/12/1905.

⁶ La Correspondencia Gallega, 24/11/1904 e Diario de Pontevedra, 24/11/1904.

⁷ *La Zarpa*, 6/12/1935.

⁸ *EPG*, 18/5/1965.

⁹ *Gaceta de Galicia*, 5/1/1907.

¹⁰ *El Correo de Galicia*, 27/3/1907.

¹¹ *El Correo de Galicia*, 7/6/1909.

¹² *Faro de Vigo*, 7/7/1953.



D. Eladio Ferreiro Otero
Director de la Escuela Práctica
«Pro Valle Miñor».

Eladio Ferreiro nos tempos de director das “Escolas” da UHAVM. *Vida Gallega*.

Ante as dificultades de comunicación entre Vigo e o Miñor demandou que o traballo fose acompañado de vivenda. Así foi como, en 1909, se estableceu no Val para exercer a docencia durante 44 anos. Ao longo dos primeiros 14 (dende maio de 1909 ata outubro de 1923) na Escola Hispanoamericana e dende febreiro de 1924,¹³ ata a súa xubilación, como mestre na escola de Borreiros.

O prestixio que acadara durante este periplo permitiulle colaborar, como inspector técnico, coa escola tomiñesa “La Aurora del Porvenir”, que comezara a súa andaina coincidindo co seu cesamento como director das escolas miñorás.

Durante a ditadura de Primo, Ferreiro desenvolverá unha ampla actividade social e política como presidente da Unión Patriótica (UP), e, transitoriamente, como secretario do Concello de Gondomar e tenente de alcalde seu.

Polas mañás atendía a escola de Borreiros; polas tardes, na súa casa, na procura de ingresos extras que lle permitisen manter a extensa prole de oito fillos, impartía aulas

¹³ *El Compostelano*, 28/2/1924.

preparatorias para os cativos que se ían examinar por libre en Vigo, primeiro nos xesuítas ou na Escola de Artes e Oficios e, despois, no Santa Irene. Esta actividade mantívose durante décadas.

A proclamación da II República non afastou a don Eladio da actividade social, agora presidindo o Partido Radical de Lerroux, dende o que influíu no devir político miñorán, en especial do concello de Gondomar, onde Nieto Virostra, do mesmo partido, exerceu a alcaldía nos primeiros tempos republicanos.

Tras o golpe do 18 de xullo de 1936 mantívose á marxe da acción política ou de calquera intervención social, aínda que seguiu fomentando as relacións de amizade.

Unha aproximación ideolóxica

O desprestixio do réxime da Restauración, as promesas “rexeneracionistas” e o carácter, en principio, transitorio do “gobierno militar” instaurado en setembro de 1923 achegáronlle diversos e amplos apoios á ditadura primorriverista. É moi probábel que don Eladio coincidise coa expresión do ditador de que: “El país no se impresiona ya con películas de esencias liberales y democráticas; quiere orden, trabajo y economía”.¹⁴ Ata as esquerdas foron, en inicio, pouco belixerantes, ou incapaces de facerlle fronte.

Un deses apoios relevantes foi o do agrarismo, parte do cal non se sentiu satisfeito co decreto de redención de 1926, pero unha das habilidades de Primo foi sempre a de lle botar auga ao viño, como diría o historiador Shlomo Ben Ami,¹⁵ cousa que tamén fixo achegándose á gran burguesía catalá (Cambó) para rematar disolvendo a mancomunidade de Cataluña, ou mudar a súa postura “abandonista” en Marrocos, e isto foi crucial para conseguir o apoio do exército, por un discurso de intervención e resolución.

Mais, nomeadamente, contou co apoio de sectores das clases medias, cultas e conservadoras, ademais de, por suposto, co da gran burguesía que o inspirou. Estes sectores, xunto coa Igrexa e o exército, viron naquel xeneral de boa planta, vestires elegantes e aires aristocráticos o pai severo que podería tirar a España do trauma melancólico en que se afundira tras o “Desastre de 1898”. Moitos achegáronse ao ditador a partir das propostas de Joaquín Costa e intuían, coma o aragonés, que a “rexeneración” tiña que fundamentarse en dous piares: a educación e a resolución da cuestión agraria. Costa participara activamente na Institución Libre de Enseñanza (ILE) e estaba unido a Giner de los Ríos por unha profunda amizade; criticaba o viciado sistema da Restauración e converteuse nun defensor das reivindicacións campesiñas e mesmo, aínda que só temporalmente, se achegou ao republicanismo de Salmerón. Ao tempo, e sen caste ningunha de contradición, coidaba que a solución dos problemas de España precisaban da revitalización dos vellos costumes e organizacións tradicionais. Malia que non houbera un espírito

¹⁴ Eduardo González Calleja, *La España de Primo de Rivera. La modernización autoritaria 1923-1930*. (Madrid: Alianza, 2005).

¹⁵ Sholomo Ben-Ami, *El cirujano de hierro. La dictadura de Primo de Rivera (1923-1930). Política y sociedad*. (Madrid: Síntesis, 1983).

antidemocrático no “rexeneracionismo” que o puidese confundir cos fascismos dos anos vinte, del está absolutamente ausente un pensamento da esquerda social e basculou sempre entre o centro e a dereita. A carencia dunha forte conciencia social permitiulles ás ditaduras españolas do s. XX, tanto á de Primo como á de Franco, presentárense como herdeiras dun programa rexenerador e nel fundamentar as súas bases programáticas. Os dous militares serían os “cirurxiáns de ferro” que reclamaba Costa, aínda que este nunca pensase en ditadores, senón en homes fortes e decididos que exercesen a autoridade co apoio e os votos populares.

Neste ambiente temos que situar a formación ideolóxica de Eladio Ferreiro, bambeándose entre as propostas renovadoras da ILE, o *costismo* rexenerador, o paternalismo argallante de Primo ou o republicanismo conservador aglutinado arredor doutro rebuldeiro encantador de serpes como Lerroux e o seu mandadeiro pontevedrés, o avogado pontearéan, residente en Barcelona, Emiliano Iglesias. Deses mesmos fundamentos ideolóxicos participaba Manuel Losada Carrera (1865-1934), o abastado emigrante gondomarés, valedor do mestre durante os catorce anos nos que Ferreiro dirixiu as “Escuelas”.

A relación de Ferreiro e Losada fundábase, máis alá da coincidencia en disputas momentáneas, nunha identificación ideolóxica que dende posicións conservadoras, de orde, procuraban un renacer da nación española. Aínda que Losada estivese ben afastado das preocupacións ilustradas e das técnicas da escola anovadora que ocupaban os matinares de Eladio Ferreiro, razóns ideolóxicas e persoais convertéronos en aliados na disputa co outro persoeiro da UHAVM, o nigranés Manuel Lemos.

Despois das escolas da UHAVM

A destitución de Ferreiro como director das escolas da UHAVM, cun mes de soldo, segundo nos informa Manuel Losada,¹⁶ deixouno nunha situación económica complicada. No seu momento solicitara a excedencia do sistema público e agora tiña que agardar polo reingreso que non se produciría ata o 20 de febreiro de 1924.¹⁷

Na política local tamén se deixou notar a nova situación, aínda que só fose como unha remuda entre as elites que, a diferenza das catalás, nunca se sentiron ameazadas por caste ningunha de inminente revolución e observaron os trocos coma un novo *quítate ti que me poño eu* ou, o que é o mesmo, outra volta ao *turnismo* ao que estaban afeitos. O 30 de setembro, ás 9 da noite, o comandante do posto da garda civil de Gondomar, Juan Miguel Nieto, reuniu os concelleiros saíntes, co seu alcalde Domingo Manzanares Pinzás, e os entrantes. Destituíu a uns e nomeou os outros. Os novos escolleron de alcalde a Domingo Estarque Misa.¹⁸

O labor rexenerador prometido polo ditador non foi máis alá dun golpe de efecto para aparentar que as cousas mudaran unha miga. Anunciouno o novo alcalde, tal e como

¹⁶ Manuel Losada Carrera, *Vigo y su progreso (Un puñado de verdades)* (Alicante: Imprenta Lucentum, 1927).

¹⁷ *Galicia*, 28/2/1924; *Diario de Pontevedra*, 5/3/1924.

¹⁸ Arquivo Municipal de Gondomar (AMG) Libro de actas do concello de Gondomar 21/4; f. 12v a 15v.



Eladio Ferreiro, no centro á dereita, cos rapaces de Borreiros. Arquivo IEM.

recolle no libro de actas coa linguaxe burocrática e monótona deste tipo de documentos, cando tivo que nomear un novo secretario por “hallarse detenido el propietario D. Urbano Alonso Gonda y de haber tenido que ausentarse el designado [...] para substituirle accidentalmente”. A ausencia do concello do chamado a substituír o secretario, o primeiro oficial, Manuel Gonda Márquez, non só estaba xustificada, senón que se prolongaría durante ben máis dunha década ata a proclamación da II República, ao igual que a do seu sobriño, o titular Urbano Alonso Gonda.¹⁹

Actuaría como secretario temporal Pablo Nieto Virostra, futuro alcalde republicano da vila, pero ante a renuncia deste, “[...] a pesar de rogarle reiteradamente que continuase en el cargo” e, a proposta do alcalde, o pleno acordou nomear, con carácter provisional, a Eladio Ferreiro Otero como secretario: “atendiendo a las excepcionales condiciones de honradez, capacidad y trabajo [...] demostradas durante el largo tiempo que, con general aplauso, estuvo al frente de la dirección de la Escuela Americana de este Valle [...] con

¹⁹ De familia abastada con orixe en Morgadáns, era irmán de Manuel, que tamén foi secretario do Concello de Gondomar, perito e industrial que promoveu numerosas empresas en Vigo e en toda Galicia, entre outras de distribución de gas e na compañía de tranvías de Vigo e da Ramallosa. Outro irmán, Severino, médico e masón, foi, en Nigrán, o último alcalde da monarquía e primeiro da República; encarcerado en San Simón, prohibíronlle exercer a profesión durante anos. Eran fillos de Asunción Gonda Márquez e de Manuel Alonso Pérez, falecido en 1916, secretario municipal e cabezaleiro na localidade do partido liberal ou liberal-progresista liderado no distrito de Vigo por Ángel Urzaiz (1856-1926), ministro en varias ocasións, e mais por Eduardo Iglesias Añino (1850-1916), veciño de Teis, e alcalde de Vigo entre 1887 e 1888. O primeiro oficial sancionado, Gonda Márquez, era, pois, irmán da nai.

el sueldo consignado en el presupuesto de seis mil pesetas”.²⁰ O acordo tomouse por unanimidade e, no seguinte pleno municipal, Ferreiro estampaba a súa primeira sinatura como secretario.²¹ A coincidencia entre o cesamento e a remuda ditatorial permitiulle a Ferreiro garantir uns ingresos durante os poucos meses que tería que agardar para reincorporarse ao ensino público.²²

Algunha das actas redactadas por Ferreiro recollen visitas extraordinarias caso da do delegado gubernativo para o partido xudicial de Vigo, o tenente coronel de artillaría Carlos Gil de Arévalo.²³ Home de verba pomposa e alambicada, despois de saudar a corporación, “[...] dedicó en bellísimos periodos galante saludo a la mujer miñorana modelo de belleza y de virtud, en elegantes frases [...]”, continuou apelando ao “[...] sacrificio de todos, (para) hacer de esta España, tan maltratada por gobernantes sin conciencia una patria grande” e esforzándose todos, el tamén, a “contribuir al triunfo de la moralidad, del orden, de la justicia y de la cultura”.²⁴

Pero a praza de secretario tiña que cubrirse. O pleno anuncia a vacante e abre un período de 15 días para a presentación de solicitudes, sinalando que entre os pretendentes escolleranse aqueles que: “domiciliados en este término municipal, gocen de buena conducta y de probidad y arraigo a juicio de la Corporación, previo conocimiento y aprobación del Ilmo, Sr. Delegado gubernativo”. Semellaba que a cousa fose aquela para Ferreiro, pero non foi así. Coidamos que foi a vocación polo maxisterio e quizais a seguridade, aínda que humilde en retribución, da praza de mestre a que, por riba doutras consideracións, o decidiu a deixar un cargo sometido á inquietude do debate público e o continuo rebumbio do consistorio, mais tamén que o novo “Estatuto municipal”, decretado polo Directorio Militar, na practica, pecháballe o acceso ao posto de secretario.

En efecto, o 13 de febreiro de 1924 preséntase de novo o militar e elocuente delegado gubernativo para comunicarlle á corporación que:

[...] por pertenecer a una Junta de Asociados ilegalmente constituida los Srs. Concejales que forman la actual Corporación quedaban desde aquel instante suspendidos en sus cargos, no obstante lo complacido que estaba de su actuación y excelente labor administrativa exhortándoles a que continuasen siendo como ciudadanos tan buenos patriotas como lo habían sido en el desempeño de sus funciones.

A escena de había uns meses volvíase repetir. Presentes os destituídos e os substitutos; uns abandonan as cadeiras que ocupan os novos edís. A vez anterior fixérase a remuda en presenza do comandante do posto da garda civil, agora diante do militar en funcións gubernativas. O único que permaneceu na corporación foi o ex-alcalde, Domingo Estarque Misa, reconvertido en primeiro tenente de alcalde. O novo alcalde será Felipe Gestal González. Outra remuda entre as elites. Ferreiro decatouse da súa incapacidade

²⁰ AMG, 21/4; f. 41.

²¹ *Ibidem*, f. 50v, 51, 51v.

²² *La Integridad*, 13/12/1923.

²³ *Galicia Nueva*, 4/1/1924.

²⁴ AMG, 21/4; f. 41.

para recoller as floridas palabras do militar e fai constar que: “[...] sería difícil consignar en acta sin desvirtuarlo tanto en el fondo como en la forma [...]”.²⁵

Ferreiro presenta a súa renuncia como secretario interino ante a comisión permanentemente reunida o 17 de abril de 1924 “por haber sido nombrado Maestro nacional de Borreiros” e esta:

Teniendo en cuenta que por no haber sido posible, a pesar del deseo unánime de todas las Corporaciones, confirmarlo en propiedad en el cargo que con absoluta confianza de todos y general satisfacción viene desempeñando, por haber tenido que instruir expediente al anterior secretario primero, y por prohibirlo el Estatuto Municipal más tarde, se le irrogarían graves perjuicios en su porvenir de continuar con la actual inestabilidad abandonando la garantía que le ofrece su carrera, en la que tantos éxitos ha obtenido el Sr. Ferreiro, acuerda, bien contrariada por cierto, aceptarle la renuncia, haciendo constar el reconocimiento por los excelentes servicios realizados hasta hoy y reservándole todos los derechos que hubieren o en lo sucesivo se concediesen a los que en la fecha de publicación del Estatuto municipal ocupaban con carácter interino el cargo de Secretario.²⁶

Podemos, pois, albiscaar que aquela pretensión manifiesta, expresada nas condicións sinaladas para cubrir a praza de secretario e que semellaban tan aqueladas para que Ferreiro ocupase o posto, ficaron imposibilitadas polo “Estatuto municipal” aprobado o 8 de marzo de 1924 e que constituíu a consagración política do director xeral da Administración, José Calvo Sotelo.

Abandonada a secretaría do concello e incorporado á escola de Borreiros, Ferreiro continuou sendo un referente tanto da primorriverista Unión Patriótica, mesmo presidindo o partido, e do *somatén* local, que encabezou como cabo, ademais de exercer como concelleiro e tenente de alcalde.

O Directorio Militar estendeu o modelo catalán do *somatén* a toda España tanto como forza auxiliar para manter a orde pública como para “acicate de los espíritus” e estímulo da colaboración cidadá. A pesar de que Primo de Rivera, nun discurso perante Mussolini, pretendeu equiparalo coas *camiscie nere*, na realidade non foi máis que un corpo armado de orde, creado dende, por e para o poder, e tendo, segundo o mesmo ditador, “por lema paz, justicia y orden, que son los tres postulados de la verdadera democracia”.²⁷

Alistarse no *somatén* ou/e afiliarse a UP fíxose imprescindible non só para ascender dentro do réxime, senón tamén para asegurar particulares intereses ou manter posicións sociais de privilexio. Ferreiro era unha personalidade de relevo no Val Miñor dende había anos; o prestixio e a preponderancia social que acadara nos anos de dirección da escola americana quería mantelo, para o que precisaba a confianza do *upetismo* local.

O certo é que había unha substancial diferenza entre o *somatén* rural e o urbano. O primeiro servía para a promoción política e social dos seus membros e, en menor medida, para a represión de determinados delitos “comúns” e engalanar os actos do réxime. Pola

²⁵ *Ibidem*, f. 66v a 67v.

²⁶ AMG. 21/4; f. 91, 91v.

²⁷ González Calleja, *La España de Primo*, 164-165.

contra, o *somatén* urbano empregábase na persecución dos delitos sociais, na persecución de sindicalistas, como quebrafolgas, na disolución de manifestacións e en ataques contra piquetes de folguistas.

En xullo de 1924 constituíse a UP de Gondomar. Para tal fin regresou á vila condal o florido militar ao que xa fixemos referencia, que pronunciou unha “conferencia” sobre a necesidade dun partido de “hombres honrados sin distinción de clases” que velase pola boa administración e combatese o caciquismo. Gil de Arévalo gabou o Directorio Militar, resaltou a benevolencia con que foron tratados os culpábeis da anterior situación, sinalou que unha vez máis “la cruz y la espada” salvarán España e afirmou que despois da constitución do partido dos homes honrados, os militares retiraríanse e devolveríanlles aos cidadáns todas as súas liberdades.

O delegado gubernativo dedicoulle ao maxisterio “frases de admiración” por consideralo a panca precisa para o rexurdir de España. Por este motivo, afirmou, o goberno militar afanouse en mellorar as instalacións e dotacións e a condición do “anónimo y sublime artífice de ciudadanos y de hombres y modesto funcionario de la institución más trascendental de la vida de cualquier pueblo” que é o mestre.

Integran o comité directivo do partido, presidido por Fernando Pérez, “ajeno en absoluto a todo partidismo político”, en representación dos mestres nacionais, Eladio Ferreiro e Enrique Rodríguez Márquez, director da Graduada de Gondomar. Como vicepresidente figura o médico Latino Salgueiro; a directiva completábana o párroco de Gondomar, Carlos Fernández; o de Peitieiros, Bienvenido Pousada; mentres que en representación do pobo figuraba o tamén médico Andrés Gestal; do sindicato agrario, Celso Castuera, e do comercio, José Quintas.²⁸ Doce anos máis tarde o médico Latino Salgueiro será nomeado alcalde da vila polos militares, outra vez sublevados, aínda que agora sen “benevolencia cos anteriores”. Na persecución franquista desempeñarían un papel relevante o médico, o cura Carlos Fernández e mais o comerciante José Quintas.

En xuño de 1925 Ferreiro incorpórase á comisión municipal de goberno, presidida por Domingo Domínguez Rodríguez, como terceiro tenente de alcalde.²⁹ A súa presenza debeu ser útil tanto para que, nesa mesma sesión, se acordase o pagamento dos alugueiros das casas-escolas dos mestres, como para que se atendesen as demandas de material realizadas polos mestres. En sesións posteriores aprobouse executar de inmediato o informe do inspector de Sanidade sobre limpeza, branqueamento e reparación das escolas, así como a adquisición de novos materiais escolares e a posta en marcha da xunta de primeiro ensino. Os asuntos educativos serán unha constante, tanto nas reunións da comisión permanente, como nas das sesións plenarias en que participa Ferreiro.³⁰

A presenza do mestre no goberno debeu influír tamén para que se decidise organizar unha festa escolar, con convite aos mestres do municipio, e se concedesen premios a

²⁸ EPG, 22/7/1924.

²⁹ AMG, 21/4; f.183.

³⁰ AMG, 21/4; f. 193 a 197.

alumnos e alumnas. A festa escolar rematou nun grandilocuente acto que se fixo coincidir co 12 de outubro “Día de la Raza” de 1925.³¹ O gobernador civil, alcaldes do Miñor e de Vigo,³² párrocos, mestres, elites funcionariais, médicos e abastados propietarios xuntáronse a xantar, non sen antes escoitar as lecturas da cativada, as presentacións dos respectivos mestres e os discursos do, sempre presente, abade de Gondomar, do mestre de Borreiros e tenente de alcalde, Eladio Ferreiro; ademais dos do celebre “Joselín”,³³ alcalde Baiona, e do gobernador, Rodríguez Villamil.³⁴

Infelizmente, a desaparición do libro en que se recollen as actas de entre setembro de 1925 e o mesmo mes de 1927 impídenos achegar máis detalles sobre o labor de Ferreiro no cargo municipal. Cando podemos consultar de novo as actas, Ferreiro xa non forma parte da corporación.

Reincorporado á escola de Borreiros, Ferreiro tenteou incertas posibilidades de retornar a unha escola de fundación, das que tiña unha valoración moi positiva. Xa sinalamos o seu labor de inspector técnico das escolas tomiñesas. Sabémolo por unha carta³⁵ remitida a Alejandro Lustres Carrera, sobriño, avogado e testamenteiro do filántropo corcubiónés José Carreras Fábregas, promotor, na súa vila natal, dunha escola de artes e oficios, rematada en 1926, oito anos despois da morte do mecenas, pero que non iniciou as súas actividades ata 1931.³⁶ Na misiva, dirixida ao avogado Lustres, non sen certa fachenda, Ferreiro coméntalle que nun concurso convocado, non había moito, polo xornal *La Prensa* de Bos Aires para recoñecer a mellor institución promovida por emigrantes, o primeiro premio recaera nas Escolas da UHAVM “que son obra mía en su parte pedagógica”. Tan importante consideraba o sistema das fundacións privadas que bastantes anos antes, referíndose ao problema educativo español, escribira: “Este importante problema debe resolverse con el auxilio de los poderosos; es un egoísmo, un crimen, dejar este asunto de vital interés a la acción exclusiva del estado”. E engadía: “La regeneración de España solo podrá conseguirse multiplicando estas escuelas para que difundan el saber

³¹ EPG, 13/10/1925.

³² Tratábase de Gregorio Espino.

³³ José Rodríguez de Vicente “Joselín” (1895-1958). Periodista, político e actor. Fillo dun administrador do pazo do conde de Gondomar. En 1916 marchou ao Uruguai e traballou no semanario *Tierra Gallega*, onde creou o personaxe de “Joselín”, un aldeán de poucas letras e moita sabedoría. Regresou, participou na fundación das Irmandades da Fala e instalouse en Baiona, da que foi alcalde en dúas ocasións, durante a ditadura de Primo, quen o recoñeceu coa Orde do Mérito Civil. Trasladouse a Bos Aires, onde faleceu, logo de traballar no teatro e na radio, como xornalista, guionista e documentalista.

³⁴ José María Rodríguez Villamil López (1885-1968). Avogado do Estado. Gobernador de Pontevedra durante a ditadura de Primo. Membro da Asociación Católica de propagandistas de Herrera Oria. O franquismo nomeouno fiscal do Tribunal Supremo.

³⁵ Carta de Eladio Ferreiro a Alejandro Lustres Carrera, asinada o 4 de xullo de 1924. Alguén fíxome chegar, cunha notiña, hai moitos anos, estas cartas de Ferreiro, así como unha copia dos estatutos das escolas da UHAVM, redactados por Ferreiro como el mesmo afirma. No momento de darlle forma a este traballo, non lembro quen foi o meu xeneroso colaborador e só conservo esa notiña cunha sinatura ilexíbel. Pido desculpas.

³⁶ Luís Lamela, “José Carrera, el filántropo olvidado”, *La Voz de Galicia*, 22/2/2020.

y la verdad de las clases desheredadas”.³⁷ Noutras moitas ocasións enxalzou o labor das fundacións porque “[...] la obra de estas instituciones es más beneficiosa a la patria que todos los estériles discursos y pomposos decretos que, en materia de instrucción, han hecho nuestros más insignes políticos”.³⁸

Nalgún momento debéuselle pasar pola maxín aceptar a dirección da escola de Corcubión e así llo manifesta³⁹ a Alejandro Lustres cando lle achega recomendacións técnicas sobre as fundacións benéficas e lle di que quizais se decida a solicitar o posto de director; ao preguntarlle polo soldo, maniféstalle que, aínda que a súa economía non pasa de regular, o seu verdadeiro interese é o ensino que “es una vocación” e que, de tomar a dirección, cre “que había de satisfacerles” pois “esta vocación y larga experiencia, unida a una actividad incansable, son las que, aún sin serme indispensable, me tienen aquí trabajando desde las 8 de la mañana a las once de la noche, y siempre a gusto”. Tiña naquela altura 41 anos. Sen dúbida, os atrasos na posta en marcha da escola corcubionesa fixeron que desbotase a idea.

Durante o “Congreso Pedagógico” que tivo lugar na Coruña, en outubro de 1926, o delegado do xornal bonaerense *La Prensa* deu a coñecer a convocatoria dun premio para investigacións sobre as achegas dos “indianos” de Galicia, Asturias, Santander e as Vascongadas á renovación pedagóxica.⁴⁰ Ferreiro animouse a concorrer ao prestixioso certame, gorentoso tamén no económico.

O concurso decidiuse en febreiro de 1927 na cidade de Oviedo. Integraban o xurado os catedráticos daquela universidade, Leopoldo García-Alas García-Argüelles,⁴¹ de Dereito, e Benito Álvarez-Buylla, de Física, así como o inspector de Primeiro Ensino en representación do xornal arxentino, Benito Castrillo. Concorreron 20 traballos. O xurado concedeu o primeiro premio ao presentado baixo o lema “Dad lo mejor para la educación de la juventud”; o segundo ao denominado “Nerorium litere” e recomendou a publicación doutros tres traballos. Eladio Ferreiro Otero resultou ser o autor do gañador. O segundo era obra de José María Rodríguez, mestre da Fundación Fernando Blanco de Cee. O substancioso primeiro premio era 1500 pesetas; de 500, o segundo.⁴²

Os xornais resaltan o triunfo do “ilustre maestro entre todos los españoles” e que “debía ser homenajeado y felicitado por todos los hijos del Valle, pues supo dejar muy alto su nombre y el de todo el Valle Miñor”.⁴³ O prestixio social de Eladio Ferreiro consagrrou-

³⁷ *Boletín UHAVM*, (1910, n.º 4).

³⁸ *Boletín* (1910: 14).

³⁹ Carta de Eladio Ferreiro a Alejandro Lustres Carrera, asinada o 2/11/1927.

⁴⁰ *EPG*, 12/10/1926.

⁴¹ Fillo do escritor Leopoldo Alas “Clarín”. Durante a República foi reitor da Universidade de Oviedo. Tras o golpe de estado de 1936, os sublevados detivérono e sometérono a un consello de guerra; foi condenado a morte e fusilárono, no cárcere de Oviedo, o 20 de febreiro de 1937.

⁴² *El Noticiero Gallego*, 18/3/1927 e 4/5/1927.

⁴³ *El Correo de Galicia*, Arxentina 24/4/1927.

se nos ambientes miñoráns máis cultos e conservadores que argallaron a demandada homenaxe.

Sebastián Pena, naquela altura mestre de Parada (Nigrán), e futuro compañeiro de Ferreiro nas filas do Partido Radical e despois depurado polo franquismo, sería un dos promotores⁴⁴ do recoñecemento. Un pergameo asinado por antigos alumnos foi o simbólico agasallo que agochaba, dalgún xeito, un galano pola conflitiva saída da dirección das escolas da UHAVM. O propio Pena, xunto co antigo alumno Serafín Manuel Pantaleón, foron os mantedores do acto. O mestre de Mañufe (Gondomar), concelleiro primorriverista e logo tamén castigado polos franquistas, Celestino de la Granja, recitou uns poemas en galego. Púxolle o ramo o homenaxeado, amosando a súa gratitude, brindando pola prosperidade do Val “que fue donde vi nacer a mis hijos, que llevan el sello del trabajo, símbolo sublime de todos los miñoranos” e ofertando o metálico do premio para poñer en marcha un periódico miñorán.⁴⁵

Había anos que Ferreiro abandonara a dirección da escola americana cando o marqués de Estella se dignou poñer os pés enfardados en zapatos ingleses no edificio escolar que os recursos emigrantes, a pericia dos canteiros, o deseño arquitectónico e o ollo vixante de Ferreiro, ergueran sen pausa. Don Eladio non puido, pois, acompañar o líder do “partido dos homes honrados”, cando menos formando parte da panoplia receptora. En loanza de masas, damas e personalidades, acompañado por “Joselín”, o alcalde baionés ao que acababa de imporlle a medalla ao “Mérito Civil”, recibiu ao ditador o presidente da Comisión Directiva e un dos iniciais impulsores da UHAVM, Eduardo Lemos, o seu vogal Fernando Costas, o administrador Eulogio Pino, así como o director Enrique Valverde e os profesores Alvaro Rey Alar e Eloísa Vidal. O máis selecto das familias conservadoras e acomodadas do Val déronse cita no patio escolar para cumprimentar o ditador e retratarse á súa beira. Era o 7 de agosto de 1929.⁴⁶ A popularidade do xeneral caía en picado; non tardaría moito en dimitir.

Segundo a prensa do momento, a devecida República recibíuse no Val con “enorme alegría”, pero nin supuxo a retirada de Ferreiro do espazo público nin unha remuda de cargos nas administracións, como acontecera tras o golpe de Primo e era tradición no réxime da Restauración, nin, por suposto, da forma brutal con que se producirá tras a sublevación militar de xullo de 1936.

A versión do “lerrouxismo” pontevedrés é o “emilianismo”, en referencia a Emiliano Iglesias, o seu mandadeiro, que exerceu un férreo control persoal sobre o Partido Republicano Radical na provincia. No Miñor, os radicais contan con importante presenza en Gondomar e exercen a alcaldía. Á fronte do comité radical de Gondomar figura Eladio Ferreiro e como tal interveu no mitin celebrado no hotel “La Palma” de Baiona onde

⁴⁴ Xunto a Manuel Veira de Baiona, o comerciante Núñez de Gondomar, José Amorín de Sabarís, Ignacio Barros da Ramallosa e Gonzalo Prado de Panxón. Tivo lugar o Primeiro de Maio de 1927 na Sala Miramar de Sabarís.

⁴⁵ *EPG*, 3/5/1927.

⁴⁶ *EPG*, 8/8/1929.



O ditador Primo de Rivera, no patio das escolas da UHAVM. Arquivo IEM.

presentou ós oradores, ós deputados López Varela⁴⁷ e Ramón Salgado.⁴⁸ Tras o mitin celebrouse un xantar “con nutridas representacións do comité provincial, del de Vigo e de los de Gondomar y Bayona” no que pronunciaron discursos, entre outros, o alcalde Nieto Virostra e o mestre e director da Graduada da vila condal, Rodríguez Márquez. Despois os deputados trasladáronse á Ramallosa, onde participaron noutro mitin.⁴⁹

O tránsito pola vida republicana de Ferreiro careceu da intensidade do período da ditadura. Semella gustar máis dunha actitude presidencialista e exercer unha autoridade moral sobre os vellos “upetistas”. O “emilianismo”, por outra banda, non tardará moito en esborrallarse, tanto pola deriva dereitista do radical-cedismo como pola corrupción en que se veu envolto o “lerrouxismo”. Moitos dirixentes agrarios, que no primeiro momento se integraron nas filas “radicais”, viraranlle as costas e encamiñáronse cara á Federación

⁴⁷ López Varela (1893-1940). Mestre e inspector de Educación. Deputado en 1931 e 1933, chegou a desempeñar varios cargos no goberno Lerroux. Partidario da educación laica e do divorcio, opúxose ao sufraxio feminino. En 1936, concorreu, xunto a Paz Andrade, na candidatura do “Centro” de Portela Valladares. Tras a sublevación militar dérono de baixa na escala. Baixo o franquismo sobreviviu exercendo a avogacía en Vigo.

⁴⁸ Ramón Salgado Pérez. Agrarista católico de longa proxección política dende as primeiras décadas do século ao lado de Basilio Álvarez. Deputado polo Partido Radical. Salgado tamén sería vixiado, marxinado e castigado durante o franquismo. Despois estableceuse en Vigo onde exerceu como avogado.

⁴⁹ *EPG*, 10/5/1932.

Provincial Agraria que rematará integrándose na Fronte Popular. Deriva da que en ningún momento participou Eladio Ferreiro.

Os sublevados en xullo de 1936 non molestaron a Eladio Ferreiro a pesar da intensa persecución sobre o maxisterio.⁵⁰ Pola contra, os golpistas demandaron o seu apoio, como reclamo social e arrastre das dereitas conservadoras que participaran na vida política republicana. Así o intentou o seu ex-alumno e xefe local de Falanxe da Ramallosa, Julio Roade, que lle ofertou a delegación local do Servicio Español del Magisterio (SEM). Ferreiro rexeitou⁵¹ o ofrecemento tras lembrarlle a súa “[...] acción intensísima como Presidente de UP y cabo de Somatén durante toda la dictadura [...]”, aducindo que “[...] no puedo prescindir de ningún modo de la vida casera, monótona por tranquila que llevo, sin grave peligro para el sostén de esta familia [...]”. O mestre de Borreiros mantívose afastado de cargos no franquismo, aínda que seguiu coidando a súa presenza social e as relacións coas elites miñorás, que non eran todas, nin moito menos, franquistas, como ficou ben patente na homenaxe que lle realizaron, iso si, sete anos despois da súa xubilación, en setembro de 1953.

O recoñecemento a Ferreiro reuniu preto de 200 persoas.⁵² Na presidencia figuraba o mestre Álvaro Mourelle, alcalde de Nigrán; Blas Agra Mancebo, que fora correspondente do *Faro de Vigo*; o avogado e secretario do consello de administración de Tranvías, José Ramón Fontán, que presidiu tamén a comisión organizadora en representación dos antigos alumnos; o mestre Álvaro Rey Alar; os secretarios dos concellos de Nigrán e Gondomar, Román de Lis e Alonso Gonda; os alcaldes de Gondomar e Baiona, Vicente Vázquez e José Pereira; Modesto Pequeño, representante dos ex-alumnos na emigración; e outras personalidades, como o cura Quinteiro, Faustino Álvarez, Eladio Ante, Manuel Núñez Sanromán, Eulogio Costas ou o futbolista “Nolete”. Na quenda dos parlamentos tomaron a palabra, ademais dalgúns dos citados, o ex-alcalde republicano Nieto Virostra, o ex-presidente da “Agraria” de Parada, Máximo Misa, perseguido tras o golpe militar; o mestre depurado Sebastián Pena e Ángel Valverde Prado como alumno de máis idade de Ferreiro.

Regresando ás escolas da UHAVM: crónica dun cesamento

Losada recolle no libro xa citado: “Para Director de la Escuela, desde que se abrió, fue nombrado el maestro nacional Eladio Ferreiro Otero [...]”. Foi, en efecto, o artífice das escolas, pois elaborou a documentación precisa para presentar ante o reitor da universidade compostelá,⁵³ que era quen tiña que conceder o permiso de apertura. A escola comezou a funcionar o 4 de maio de 1909 nun edificio alugado, polo que se pagaban 720 pesetas anuais, pero decontado se comezou a procura de terreos para a construción dun

⁵⁰ Sobre a persecución franquista do maxisterio no Val de Miñor véxase Carlos Méixome, *Catas na memoria*. (Santiago: Laivento, 2021) e Anxo Serafín Porto Ucha, *Mestres e mestras pontevedresas depuradas polo franquismo* (Ponteareas: Alén Miño, 2008).

⁵¹ Juan Antonio González Pérez, *Nigrán. Memoria dunha guerra 1936-1939* (Vigo: Cumio, 1998), 186-187.

⁵² *La Noche*, 5/5/1953; *Faro de Vigo*, 4/7/1953; *EPG*, 7/7/1953.

⁵³ *La Correspondencia Española*, 9/4/1909.

edificio, o que desencadeou tensións interparroquiais, en especial entre Sabarís, isto é Santa Cristina da Ramallosa (Baiona), e San Pedro da Ramallosa (Nigrán), separadas polo Miñor pero unidas tanto pola ponte medieval como pola que se comezara a construír sobre 1865. O emprazamento definitivo do edificio escolar, xusto na linde de demarcación dos concellos de Nigrán e Gondomar, escolleuse, procurando unha centralidade territorial que o fixese accesíbel ao maior número de parroquias.⁵⁴

A estas disputas interparroquiais refírese Jaime Solá nunha reportaxe publicada contra o remate do ano inicial da escola:

Yo bien sé que los habitantes de Bayona habrían gustado de que la Escuela se levantase al abrigo de los muros de Monte Real [...]. Y debo suponer que los hijos de esa tacita de plata que se llama Gondomar, habrían querido que la Escuela pudiese regir sus clases por la hora del reloj de torre que regaló a su lindo Ayuntamiento mi amigo Manuel Losada [...] Pero la Escuela ocupa el centro de la población del Valle y esto debe acallar todos los deseos ambiciosos.

Solá remata ofrecendo unha alternativa: “Haced miñoranos ricos, que corra alguna vez el tranvía eléctrico entre Vigo y vuestros hogares campesinos, y los hijos de Bayona y Gondomar podrán concurrir con los de La Ramallosa y Sabarís –que son los más favorecidos- a esas limpias aulas”.⁵⁵

O relato de Losada engade que o mestre: “hubo de solicitar permiso de la superioridad [...] pero dejando de gozar de los beneficios del escalafón oficial, para los ascensos y demás privilegios”.⁵⁶ Ao sinalar as renuncias de Ferreiro, Losada quere salientar o maltrato por parte da Comisión Directiva ao cesalo. O propio Ferreiro quéixase, na carta ao xefe da Falanxe da Ramallosa á que nos temos referido, de que: “Todo el tiempo que he estado en la Dirección de la Escuela ‘Pro Valle’ en que tantas energías he derrochado han sido absolutamente perdidos para mi retén”.

O salario inicial do director era de 2.000 pesetas anuais e o orzamento das escolas ascendía a 7.300, incluído tamén o salario do profesor secretario, Javier de Mendoza (1.200 pesetas) e de dous profesores auxiliares, Enrique Sánchez Solera e Alfonso Philippot, 1.000 pesetas cada un.⁵⁷ No mes de agosto de 1910 a escola tiña 212 alumnos matriculados;⁵⁸ polo que Ferreiro urxe a construción dun edificio “ad-hoc” e reclama que o novo espazo educativo conte con cociña escolar, pois “hay alumnos que acuden de 5 o 6 km. de distancia”.

⁵⁴ O caso singular das “Escuelas Pro Valle Miñor”, o seu impulso desde América, coa presenza do pedagogo Ares de Parga e o maxisterio de Eladio Ferreiro foi posto de relevo por Antón Costa Rico, no volume *Escolas e Mestres. A educación en Galicia da Restauración á II República*. (Santiago: Xunta de Galicia, 1989) (páxinas 205-210 e 407-408), e posteriormente polo mesmo Antón Costa Rico en “Ignacio Ares de Parga e as escolas dos americanos en Galicia”, *Revista de Estudios Provinciales*, 15 (2000): 145-156.

⁵⁵ *Vida Gallega. Ilustración regional*, 12 (1909): 16.

⁵⁶ Losada Carrera, *Vigo y su progreso*, 72.

⁵⁷ *Boletín*, 1 (1909): 2.

⁵⁸ *Boletín*, 11 (1910): 15.



O edificio de escola na segunda metade dos anos vinte do pasado século.

O edificio realizouse segundo o proxecto do arquitecto vigués Jacobo Estens Romero,⁵⁹ sobre un terreo san e permeábel, elevado respecto da estrada e rodeado de xardíns, como postulaban os preceptos hixienistas da época. O traslado da escola ao novo edificio realizouse en 1913.

Manuel Losada tería moito que ver na modificación e integración do territorio miñorán, non só pola súa participación no proceso construtivo do edificio da escola, senón de xeito especial porque, como presidente de Tranvías Eléctricos de Vigo, retomou o vello proxecto de prolongar a liña dende a estación da Florida ata A Ramallosa e dende alí bifurcar dous ramais: un a Baiona e outro a Gondomar. O traxecto Vigo-Baiona inaugurouse o 3 de setembro de 1926; o ramal ata Gondomar o 28 do mesmo mes e ano.

O obxectivo das escolas ficaba explícito no primeiro da longa serie⁶⁰ de boletíns mensuais que publicará a UHVM en Bos Aires. No número de outubro de 1909, na súa primeira páxina e como presentación, afirmase:

Esta asociación fundada por la Colonia Gallega residente en Buenos Aires, en vista de las condiciones precarias en que llega a estas playas, la mayoría de la inmigración gallega, sin oficio determinado, desconociendo completamente las condiciones geográficas y económicas de la República Argentina, ha fundado y sostiene en Galicia, en la Región compuesta de los Ayuntamientos de Nigrán, Bayona y Gondomar, que forman la del Valle Miñor, una Escuela Práctica de Artes y Oficio, y una sección de Agricultura con personal docente seleccionado.

⁵⁹ Jaime Garrido Rodríguez e José Ramón Iglesias Veiga, *Vigo: arquitectura urbana* (Santiago: Fundación Caixa Galicia, 2000).

⁶⁰ Publicáronse 307 números. O primeiro en outubro de 1909; o derradeiro en abril de 1935.

Esta idea fulcral xa a sinalara Cándido del Río⁶¹ no relato do acto inaugural para *Vida Gallega* que fundara uns meses antes Jaime Solá.⁶² O daquela director do xornal *El Miñor*⁶³ sinala: “Esos hijos del Valle no quisieron que cuando sus hermanos vayan a América tengan que pelear más en lucha desigual originada por falta de luces de enseñanza”. Cándido del Río, que acabaría sendo profesor auxiliar da escola, foi un dos oradores na inauguración, xunto dous representantes da sociedade, o mestre Javier Mendoza e mais o director. O edificio provisional, situado na estrada Ramallosa-Gondomar a “unos pocos metros del sitio en que afluye á la de Vigo- Bayona”, tiña un baixo con dúas aulas e a vivenda de Ferreiro; na fachada colocouse unha placa co texto “Escuela Práctica, fundada bajo los auspicios de la Unión Hispano Americana ‘Pro-Valle Miñor’ de Buenos Aires”.

En novembro de 1910,⁶⁴ chufábase Ferreiro do atinado, aínda que breve, percorrido, tanto polo labor da sociedade en América, cheo de éxito nos “altruistas fines de protección a la infancia, de caridad, de progreso y de patriotismo” como polos apoios acadados para o proxecto educativo e as axudas comprometidas para a construción do novo edificio polo goberno da monarquía grazas ás xestións realizadas polo ministro Urzaiz,⁶⁵ así como das achegas dos concellos de Nigrán e Gondomar e da que, agardaba, prestase o de Baiona, por ser de onde procede o maior número de alumnos. En setembro de 1910 a matrícula tivo que se suspender ao chegar aos 250 matriculados por falta de capacidade dun edificio que, a pesar das súas vantaxes, non deixaba de ter deficiencias.

A publicación do *Boletín*, saudado con alborozo por Ferreiro, permitíalles aos mestres facer achegas de carácter pedagóxico ou cultural. Nunha delas,⁶⁶ o director láia-se do moito que inflúe a situación social e económica da familia na formación dos alumnos. Di Ferreiro: “Los mas pudientes, como resultado de su asistencia asidua, son los mas adelantados; los mas pobres, cuya asistencia puede suponerse en dos días por semana, son los mas atrasados”. A ignorancia dos adultos é a causante, segundo Ferreiro, da falta da concorrencia escolar; calcula que debería haber 400 alumnos matriculados para que acudisen regularmente entre 200 e 250, e que todos os medios que se puxeron en practica resultaron inútiles. Vixiar o aseo persoal e investigar as causas das ausencias absorbía gran parte da enerxía do profesor. Para resolver o enguedello propón adoutrinar os pais mediante conferencias que terían lugar os domingos para non interromper os seus labores e que poderían mesmo ser obrigatorias para os que quixesen matricular os

⁶¹ Cándido del Río Giménez (1855-1935). De orixe vallisoletana; xornalista e farmacéutico. Tivo farmacia en Baiona e despois en Bouzas. Dirixiu o xornal *El Miñor* dende 1905 ata a súa desaparición en 1911.

⁶² Jaime Solá (1874-1940). Xornalista. Creou e dirixiu a revista gráfica *Vida Gallega* dende xaneiro de 1909 ata a súa desaparición en 1938.

⁶³ Xornal fundado por José María Barreiro. O seu primeiro número saíu en novembro de 1904 e pechouse en 1911. De vea satírica e vinculado ao agrarismo, Barreiro deixou a dirección no número 47 (outubro de 1905) e foi substituído por Cándido del Río.

⁶⁴ *Boletín*, 14 (1910): 2.

⁶⁵ Ángel Urzaiz Cuesta (1856-1926), avogado e político, foi ministro de Facenda da monarquía en tres ocasións. A súa relación co Val Miñor procede do seu matrimonio coa herdeira do pazo de Cadaval, en Nigrán, lugar de residencia durante longas tempadas.

⁶⁶ *Boletín*, 23 (1911): 2.

fillos, e mais tamén establecer unha cociña económica, tanto para os que viven a certa distancia como para os que teñen que gañar o sustento desde as máis curtas idades, e tamén, na perspectiva futura dun internado para os máis afastados do Miñor.

Entre as funcións de Ferreiro estaba a de presentar a memoria do curso, que se publicaba, extractada e fraccionada, en varios números do *Boletín*. Nos correspondentes a febreiro e marzo de 1912 reflicte os problemas derivados das carencias do edificio e do exceso de alumnado; pois, aínda que o ensino é graduado, con catro graos (inferior ou elemental, medio, superior e de ampliación),⁶⁷ e como en cada grao se establecían tres seccións, o labor do mestre tíñase que realizar entre grandes dificultades que non só imposibilitaban unha ensinanza individualizada senón que, ao non haber no edificio máis que dúas aulas e en cada unha ter que convivir dous graos coas súas correspondentes seccións, entorpecíase grandemente a práctica escolar. O problema, afirma Ferreiro, resolveríase co novo edificio que disporía de oito aulas, polo que non deixa de demandar a súa pronta construción.

As materias comúns aos graos medio, superior e de ampliación eran Lingua Materna (enténdase castelán), Moral e Instrución Pública, Aritmética e Xeometría, Ciencias Físicas e Naturais, Coñecemento do Ser Humano e Hixiene Física,⁶⁸ Traballos Manuais, Tecnoloxía e Economía Doméstica. Había materias especiais do grao de ampliación, como Xeografía e Historia de España e da Arxentina, Nocións de Álgebra e Trigonometría e Comercio, das que se encargaba Ferreiro. Había tamén materias extraordinarias, como Lingua Francesa, Agricultura⁶⁹ ou Música.⁷⁰ Ferreiro aproveita estes informes, publicados en distintos números do *Boletín*, para ir deitando o seu pensamento pedagóxico práctico.

Aos poucos a “escola americana” ía dando pasos tanto no proxecto educativo como no benéfico. Segundo o *Boletín*: “La instrucción es completamente gratuita; y a los niños pobres, cuyo número excede de 190, se les da además de libros y útiles, ropa y calzado”,⁷¹ a cantina comezaba a funcionar e anunciábase a construción do novo edificio, nunha finca de 10.500 m², preparado para acoller 500 alumnos.⁷² Contra finais de 1914 remátase o traslado da escola ao novo edificio: “Soberbio, arrogante es el palacio que se alza en medio del Valle Miñor como un templo”.⁷³

A posta en marcha da escola de nenas en abril de 1919 iniciará unha espiral de enfrontamentos que rematará co cesamento de Ferreiro en 1923. O conflito desátase porque a directora do centro, Julia Solá, familiar de Jaime Solá, o director de *Vida Galle-*

⁶⁷ Naquela altura Enrique Sánchez Solera encargábase do grao inferior ou elemental; do medio, Javier Mendoza Feijoo; mentres que o superior corría a cargo de Manuel Fernández Álvarez; o propio Ferreiro era quen se encargaba do grao de ampliación.

⁶⁸ Materia da que se encargaba Cándido del Río Gimenez.

⁶⁹ Impartidas por Manuel Fernández Álvarez.

⁷⁰ A cargo de Ventura Alar.

⁷¹ *Boletín*, 43 (1913): 1.

⁷² *Boletín*, 47 (1913): 1.

⁷³ *Boletín*, 67 (1915): 2.

ga, matriculara, en opinión de Ferreiro, máis nenas das que permitía tanto o local como as ratios de ensinanza. Na práctica era unha disputa pola dirección dos dous centros. Ferreiro conta inicialmente co apoio do consello no Val, mais as tensións continuarán e a directora acusará a Ferreiro de querer “mangonear” a súa escola. Esa queixa transmitiulla a Losada o xornalista Solá. O primeiro respóndelle:

[...] el único mangoneo que le reconocía (a Ferreiro) consistía en el mayor celo y competencia para el cumplimiento de su deber, y en una vida ejemplar como maestro y caballero, condiciones que honraban a la institución que lo tenía a su servicio; y en cuyo ejemplo desearía se inspirase su parienta en su flamante dirección de la escuela de niñas.

Os enfrontamentos, en inicio persoais entre Julia Solá e Ferreiro, toman unha nova dimensión ao se conformaren dous grupos confrontados tanto por intereses persoais e grupais como por desavinzas ideolóxicas. Por unha banda, Manuel Lemos e os seus apoios defenden a directora das escolas; pola outra, Losada eríxese en protector de Ferreiro. As discrepancias resólvense, en principio, considerando o director como inspector da escola de nenas, pero na práctica, cando menos, segundo Losada, esa función vese imposibilitada polos múltiples impedimentos que presenta a directora.

Losada dimite, segundo el, tras a chegada de Laureano Lemos, “portador de una serie de ukases de su hermano”, en maio de 1919 como membro do Consello do Val e delegado directo da Comisión de Bos Aires. A chegada ao Val de Manuel Lemos, en 1920, non serviu para suavizar as tensións. O seu regreso á Arxentina, febreiro de 1921, provoca que a Comisión Directiva envíe unha nota ao Consello no Val na que explicita as queixas sobre o autoritarismo de Ferreiro, e salienta o mal efecto que causa que non envíe as súas fillas á escola de nenas e si o faga á Escola Nacional de Mañufe. A nota da Comisión de Bos Aires ameázao abertamente e anúncialle que no caso de reincidir será separado do seu posto. Mais o Consello do Val négase a transmitir o apercibimento ao interesado por carecer de fundamento. O momento álxido chegou coas “crónicas escolares”, redactadas polos alumnos do preparatorio, que, corrixidas por Ferreiro, eran enviadas á comisión bonaerense.

En outubro de 1923 cesan a Ferreiro coa asignación dun mes de soldo. En decembro, as actas da Comisión Directiva fanse públicas no *Boletín*; a medida xustifícase nas extralimitacións do veterano director e no emprego do alumnado, a través das denominadas “crónicas escolares”, para reivindicacións particulares e inxuriar a Comisión Directiva. Enrique Valverde foi o seu substituto.

A destitución de Ferreiro provocou un gran malestar na comunidade miñorá que a considerou esaxerada. O semanario *Correo de Galicia* publica⁷⁴ unha carta asinada por un grupo de veciños do Val Miñor na que, entre outras cousas, se indica que o cesamento:

⁷⁴ *Correo de Galicia*, 6/4/1924.

[...] produxo entre todos los miñoranos un movemento de indignación y de protesta que cristalizó en varias instancias dirixidas a la Comisión Directiva, suscritas por los socios de la institución, padres de familia, asociación de maestros nacionales del partido y asociación de ex-alumnos.

Sobre a disputa con Lemos, o fillo máis cativo de Ferreiro, Eustaquio, comentábanos que o primeiro “era un poco engreido, se peleó con Losada, se peleó con mi padre, pero tenía un gran capital”, e sobre a causa das disputas díxonos: “Yo creo que era para tener a toda la gente bajo su dominio, el que mandaba era él”.

Mais quen era Manuel Lemos? En breve síntese, seguindo o traballo da profesora Rosa Pascual Abal,⁷⁵ nacera en 1875 en Mallón, na parroquia nigranesa de San Pedro da Ramallosa. Era o maior de cinco irmáns e aos 17 anos emigrou, xunto co pai, ao Uruguai. En Montevideo coñeceu a quen logo sería a súa dona e trasladáronse a Bos Aires, onde atopou emprego como dependente nun comercio de viños. Aprendido o oficio, estableceuse pola súa conta na distribución, aplicando unha mancha de innovacións que lle permitiron mellorar tanto as calidades como baixar os prezos. “Vinos La Superiora” foi un éxito rotundo: abriu sucursais nos barrios porteños e noutras localidades, e chegou a ter 365 expendedorías todas pintadas de cor celeste e presididas pola bandeira galega e arxentina.

En 1905, xunto a un pequeno grupo de miñoráns,⁷⁶ impulsa a constitución da UHVM como un proxecto social e progresista, de carga ideolóxica difusa. Faleceu en 1946. A intervención de Lemos foi decisiva en todo momento e, ao igual que Ferreiro, expresábase no *Boletín*, asinando como “Dirección” e amosando un interese especial nas cuestións sociais e laborais, no cooperativismo e na colaboración social entre o capital e os traballadores.

Lemos puxo en marcha un proxecto turístico nos areais de Lourido e Panxón, inspirado nas áreas balnearias dos anos vinte; mercou terras, abriu estradas e construíu unha serie de chalés modernistas. Ao conxunto denominouno “Playa América”.

Os anos de disputas entre Lemos e Ferreiro produciron neste un certo desacougo, expresado nunha carta⁷⁷ enviada ao avogado Lustres, na que lle dicía que non podería concretar con precisión as razóns do seu cesamento:

[...] probablemente, que la institución ha desatendido siempre mis deseos de que se constituyese el capital social necesario para poder atender con sus rentas el sostenimiento de las Escuelas, pues las cuotas mensuales de sus asociados es un recurso demasiado contingente para asegurar la vida de la Institución y la tranquilidad de los Maestros. Lejos de atender mis proposiciones inauguraron una escuela de niñas que duplicó los gastos, esto acentuó mi descontento [...]

⁷⁵ Tanto sobre Lemos como sobre Losada, véxase Rosa Pascual Abal, “Dous benfeitores: Manuel Losada e Manuel Lemos”, en X.M. Malheiro, *Actas do congreso*, 321-342.

⁷⁶ Seica as primeiras reunións tiveron lugar en 1903 entre Manuel L. Lemos, Eduardo Lemos e Francisco Cano Rivas. Ademais dos citados, foron os seus principais impulsores: Manuel Losada, Manuel Salgueiro, Fernando Costas, os doutores Dámaso Moreira e José González Paglyeri, Ramón Álvarez, Vicente Costas, entre outros. *El Correo de Galicia*, 6/11/1921.

⁷⁷ Asinada en Gondomar o 4 de xullo de 1924.

Emigración e educación

A disxuntiva presentábase nida a nivel conceptual. Tratábase de preparar os mozos para se defenderen nos lugares aos que fan emigrar ou ben educalos para desenvolveren iniciativas no propio país e minguar a enxurrada migratoria?

O proxecto da escola miñorá partía dunha visión da emigración non tanto como positiva, aínda que tamén, senón como inevitábel. O seu labor orientouse a preparar os mozos para defenderse nos países de acollida, nomeadamente na Arxentina e O Uruguai. A este respecto, Ferreiro salientaba, en novembro de 1910, a “patriótica y provechosa iniciativa” da institución, predicando co exemplo “el verdadero remedio para salvar nuestros emigrantes de esa ignorancia que les imposibilitaba en la lucha por la vida, en la gran República Sud Americana”, poñendo en práctica “la única solución a las cuestiones sociales y políticas que aquejan al pueblo español”. Dentro destes parámetros debemos entender non só que na “Escola” se impartisen materias como Xeografía e Historia da Arxentina e Comercio, das que se encargaba o propio Ferreiro, senón que se seguisen os programas que elaboraba o Consello Nacional de Educación da República Arxentina, o que o convertía en algo máis que nun país de referencia. Ferreiro sostíña que o costume de emigrar xa existía moito antes de instituírse a escola, “pero ya que los hijos del Valle emigran, que lo hagan siquiera en condiciones de defenderse mejor” e indicaba que “se enseña a los alumnos todo cuanto pueda servirles en el país a donde se supone que han de marchar”.

O seu fillo Eustaquio, case un século despois, dicíanos que para o seu pai foi un “horror” (esa foi a palabra que empregou) o feito de que os seus tres irmáns maiores marchasen para a Arxentina. A partir daquela colleulle tal zuna á “enseñanza comercial” que a todos os demais fillos mandounos ao instituto onde non se ensinaba nada de comercio. Sinalábanos, ao tempo, que entendía que a idea de “La Aurora” de Tomiño era que non se emigrase, mentres que a da “Pro Valle” era, pola contra, para que se emigrase. Concluía: “la preparación era más para ir a América”.

Ferreiro mantivo coas escolas de Tomiño estreitos vínculos desde a súa inauguración, en 1923, xusto o mesmo ano do seu cesamento nas do Miñor. Daquela pronunciou o discurso de apertura da escola de Estás.⁷⁸ Probabelmente esa relación viñese a través de Enrique Lobit, un dos mestres da tomiñesa que exercera na do Val.

Ferreiro achegará a súa experiencia docente e organizativa; *El Correo de Galicia*, setembro de 1928, sinala como: “guía, consejero e inspirador de la obra cultural y educativa”. O premio gañado no concurso de *La Prensa* serviu para enxalzar de novo a figura de Ferreiro no *Boletín* dos miñotos, desexándolle “nuevos triunfos al digno maestro de Borreiros (Gondomar) e Inspector técnico de la escuela”,⁷⁹ gabanza á que lle responde animando aos baixomiñotos a continuaren o labor e augurándolles que “en plazo breve será uno de los primeros establecimientos de educación en España”.

⁷⁸ *Galicia*, 1/9/1923.

⁷⁹ *El Correo de Galicia*, 17/4/1927.



Ferreiro na homenaxe pola súa xubilación (1953)

Sorprende, visto con ollos de hoxe, a aparente contradición entre o Ferreiro renovador pedagóxico e o Ferreiro social e politicamente conservador. Mais a perspectiva actual só é unha densa tea que dificulta a comprensión de tempos recuados. Temos que situar a acción e o pensamento de Ferreiro na Galicia e no Miñor do arrinque do pasado século. Unha sociedade que pretendía modernizarse, pero que tiña enormes limitacións para facelo e a escola precisaba de medios que, ausente o Estado, só os emigrantes podían achegar. Losada escribe nun artigo publicado en xaneiro de 1915 en *Correo de Galicia* de Bos Aires que recolle no libro que xa temos citado:

Escuelas, escuelas, escuelas son las que precisa Galicia para redimir sus derechos [...]. Y nosotros los que estamos en América haremos obra práctica y regeneradora fomentando Escuelas en cada rincón de Galicia.

Neste contexto temos que entender as anovadoras ideas pedagóxicas de Ferreiro influídas decisivamente pola ILE e o pedagogo Ares de Parga, natural de Ourense, aínda que asentado en Bos Aires, e inspirador do modelo educativo da UHAVM. Esa aparente contradición entre o avanzado mestre e o cidadán conservador, mesmo proto-fascista, presidente da UP, cabo de *somatén*, ao que lle chegan a chiscar o ollo os mozos falanxistas, só é comprensíbel nese marco temporal do primeiro terzo do século pasado e dentro das lindes da súa propia “ego historia”, dentro dunha familia tradicional, da fidalguía en declive que precisaba adaptarse a novos destinos funcionariais ou profesionais, agoniada

por hipotéticas alteracións da orde social, nomeadamente en momentos de gran convulsión política, económica e militar como as que lle tocaron vivir naquelas tempos bélicos e interbélicos.

Sobre as súas ideas e prácticas pedagóxicas ten investigado con tino e miudeza o profesor Malheiro Gutiérrez; aos seus moitos traballos ao respecto remitímonos. O propio Ferreiro deixounas explícitas tanto nas súas colaboracións no *Boletín* como de xeito sintético e ordenado no “Reglamento General”, publicado en 1920, documento de carácter organizativo e articulado que el mesmo, en carta ao corcubiónés Alejandro Lustres Carrera, consideraba o instrumento máis útil dende o punto de vista pedagóxico.⁸⁰

O final das escolas da UHAVM

O 24 de outubro de 1929 o mercado de valores de Wall Stret comezou a caer. Era xoves; o luns e o martes seguintes seguiu baixando. O pánico estendeuse. Aínda hoxe non é doado sinalar con precisión os factores que determinaron aquela grave crise cíclica do capitalismo. O crac arrastrou a economía norteamericana á Gran Depresión e con ela a dos demais países do continente. Quen ía pensar que aquel acelerado devalo económico ía levar consigo o esforzo persoal de tantos anos?

Xa contra os restos de 1930 a UHAVM emite signos de alarma. Daquela no *Boletín* iniciábase unha subscrición “Pro-vida propia” das Escolas. A idea era chegar a xuntar 30.000 \$. No *Boletín* de novembro informábase de que se acadaran os 9.700, ademais da doazón da finca “A Mourisca”, en Chaín (Gondomar), por parte do doutor Dámaso Alonso, e metíanlles présa aos que pensasen facer doazóns para poder preparar a placa de mármore que co nome dos subscritores se colocaría “en el ‘hall’ de las escuelas”.⁸¹

En xaneiro de 1931 os ánimos seguían altos e o *Boletín* dedicaba unha das súas páxinas á recadación baixo un contundente titular “Es un hecho”. Mais, dende aquela, o *Boletín* tería que demandar en todos os seus números axuda dos amantes da cultura e da confraternidade hispano-americana para asegurar a “existencia definitiva” das escolas. Quizais aquela intuición que Ferreiro sinalara, anos atrás, en carta ao avogado Lustres Carrera, sobre a súa constante e desatendida reclamación de constituír un capital social propio por seren as cotas mensuais dos socios “un recurso demasiado contingente para asegurar a vida de la Institución”, arrastraban o proxecto educativo a un funil cada vez máis estreito.

⁸⁰ S/A, *Reglamento General a regir en las escuelas de la Unión Hispano-Americana Pro Valle Miñor* (Vigo: Tip Herald- J. Varela, 1920).

⁸¹ Cando se reformou o vello edificio e se construíu un novo na finca das escolas, conxunto que hoxe é o IES Escolas Proval, arrincaron a placa e guindárona no monte a modo de entullo. Ao conserxe, José Manuel Misa, pareceulle que non era apropiado e gardouna, xa partida, no vello garaxe do autobús, reconvertido en almacén. Unha década despois fun destinado a este centro. Nos primeiros falares para preparar a conmemoración do centenario da “Escolas”, José Manuel comentoume o da placa arrombada no almacén e pouco despois fomos quen de volvela colocar no vestíbulo.

Lemos acabará por recoñecer esta realidade, pero segue confiando en acadar o obxectivo. Indica que non se precisan máis que 10 persoas que acheguen 1.000 \$, e 20, por cada cifra, que o fagan con 500, 200 e 300, de modo que, sumados aos da rifa e mais os beneficios das funcións teatrais, sumarían os 50 000 precisos, e pedía “un último esfuerzo a los amigos de aquí, de Montevideo, de España y de Nueva York”. Mais xa non había esas persoas.

En abril de 1931, a comisión, a pedimento dalgúns futuros doadores, acorda prorrogar o prazo en tres meses “dada la momentánea crisis porque estamos pasando”. O ton expresa a anguria de que o obxectivo estaba tan lonxe de acadarse como de que a crise rematase.

A capacidade de Lemos para liderar a comunidade miñorá estaba en cuestión. O *Boletín* amosa a reacción do porco espiño: pecharse e protexerse coas pugas afiadas. Nun longo artigo sen asinar infórmase de que Lemos está de viaxe no Miñor; nel o redactor considera necesario defender tanto o labor da filla de Lemos á fronte da comisión de “señoritas” para darlles “vida propia” ás escolas como a xestión do propio Lemos, que tivo que recorrer a todas as súas amizades e mesmo poñer a disposición das escolas o seu “establecimiento industrial-comercial”, pois foron as relacións comerciais de “La Superiora SA” as que lograron as doazóns de sociedades e persoas que o único vínculo que tiñan coas escolas era a relación comercial. O redactor, ex-alumno das escolas, denuncia que moitos naturais do Val e por riba antigos alumnos nin colaboraron coa venda de rifas. Era un comentario amargo, pois aínda que se segue a aparentar o éxito da recadación, o señor Lemos só colleitou “sinsabores que al final como ‘muy humanos’ pasarán”.⁸²

Os números non daban. No orzamento para 1932, prevíanse uns ingresos por socios de 3.200\$ e uns gastos de 31.704, 43\$. Non se precisaba ser un experto contábel para decatarse da realidade. A crise vencera ao gran home. Un novo intento. Ábrese unha segunda subscrición, pero as doazóns, agás as da familia Lemos e de “La Superiora”, nunca pasan de 100\$. En 1934 anúnciase unha subscrición extraordinaria, pero ata o mesmo *Boletín* estaba ameazado de morte e precisa recordarlles aos asociados que a discreta revista mensual non xera custos para a sociedade por estar sufragada polos anunciantes aos que se debería corresponder mercando os seus produtos ou encargándolles traballos. Poucos quedaban. Entre febreiro de 1933 e marzo de 1934, o *Boletín* deixará de publicarse. En abril de 1935 emitirá o seu último canto.

As cousas ían de mal en peor. O presidente e o secretario no Val diríxense ao alcalde de Gondomar para pedirlle un amento da achega municipal ao financiamento da “Escola”,⁸³ por mor da diminución das rendas do capital social a consecuencia do “bloqueo de la divisa española en los países sudamericanos”. Á petición responde o socialista Rogelio Lorenzo González, o personaxe de máis influencia na corporación naquel mo-

⁸² *Boletín*, 272 (1932): 3.

⁸³ Non sabemos canto achegaba o Concello nese momento; a mediados dos anos vinte Gondomar contribuía con 50 pesetas por trimestre. AMG, 24/1; f. 132.

mento, quen considera que o concello creou as suficientes prazas escolares para atender o ensino primario, e propón que as “Escolas” se dediquen ao ensino superior; engade que, tendo en conta o estado da facenda municipal, non considera posíbel ese aumento. Así o acordará o pleno municipal por unanimidade.⁸⁴

Será despois o propio alcalde, José Pequeño, quen presente unha moción, aprobada por unanimidade, en apoio á petición de axuda da UHAVM, asinada o 26/2/1934, ao ministro de Instrución.⁸⁵ A instancia tivo resposta en forma de visita. A comezos de agosto⁸⁶ estivo na escola Filiberto Villalobos González, o liberal e centrista ministro con Samper e con Lerroux, acompañado polo deputado López Varela, o líder radical na provincia Emilia-no Iglesias e mais Isidoro Millán.⁸⁷ As “Escolas” non aguantaron máis.

Un mes despois decidíase o peche: “parece ser que la base principal del cierre es la falta de recursos que venían de la Argentina y Uruguay para el abastecimiento del profesorado, material, etc.” di *El Pueblo Gallego*. Aos poucos días o mesmo xornal⁸⁸ reproduce unha orde cablegráfica: “Buenos Aires, 31 de agosto.- Comisión Directiva resolvió cierre inmediato de las Escuelas tiempo indeterminado motivado situación económica rogándole haga cumplir resolución”.

A carencia de postos escolares nalgunhas parroquias de Nigrán, entre elas San Pedro, agravouse co peche das escolas americanas, e os mestres reclamaban a creación de novas escolas ao Concello e ás autoridades provinciais de primeiro ensino, entre elas ao “inteligente y activo” inspector Caselles.⁸⁹ Será este quen, en abril de 1936, presente, ante a corporación gondomaresa, un escrito en que demanda que o concello olle con simpatía a creación, no antigo edificio das “Escolas”, dunha escola primaria superior de orientación agraria que puidese actuar como modelo experimental dunha futura “Escola Rural Galega”. O pleno municipal, ademais de agradecer ao inspector a proposta e o interese que sempre demostrara pola instrución pública, expresa non só a súa simpatía, senón o decidido apoio moral e pecuniario, na medida das súas posibilidades.⁹⁰

Mais despois chegou o trebón.

Gondomar de Miñor, xaneiro de 2022

⁸⁴ AMG. 23/2; f. 18, 18v.

⁸⁵ *Ibidem*, f. 21v, 22.

⁸⁶ EPG, 8/8/1934.

⁸⁷ Isidoro Millán Mariño (1890-1983). Deputado pontevedrés de centro liberal. Formou parte do goberno coa CEDA e foise achegando a Calvo Sotelo. Despois da guerra foi depurado e deportado por masón.

⁸⁸ EPG, 9/9/1934 e 16/9/1934.

⁸⁹ *El Noticiero Gallego*, 25/9/1934.

⁹⁰ AMG. 24/1; f. 60, 60v. Sobre o inspector Pedro Caselles consúltese Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez, “La modernización educativa en España en un escenario de cambio social y de apertura democrática: Conversaciones con Pedro Caselles Beltrán, Director General de Educación Básica (1976-1982)”, *Historia y Memoria de la Educación* 14 (2021): 695-745.

Fontes documentais e bibliografía

Arquivo Municipal de Gondomar. Libros de actas

Arquivo persoal do autor

Arquivo sonoro e de imaxe do Instituto de Estudos Miñoráns

Faro de Vigo. Hemeroteca

Galiciana. Hemeroteca

Bibliografía

Ben-Ami, Sholomo. *El cirujano de hierro. La dictadura de Primo de Rivera (1923-1930). Política y sociedad*. Madrid: Síntesis, 1983.

Costa Rico, Antón. *Escolas e Mestres. A educación en Galicia da Restauración á II República*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Xunta de Galicia, 1989.

Costa Rico, Antón. "Ignacio Ares de Parga e as escolas dos americanos en Galicia." *Pontevedra. Revista de Estudos Provinciais* 15 (2000): 145-56.

Garrido Rodríguez, Jaime e Iglesias Veiga, José Ramón. *Vigo: arquitectura urbana*. Santiago: Fundación Caixa Galicia, 2000.

González Calleja, Eduardo. *La España de Primo de Rivera. La modernización autoritaria 1923-1930*. Madrid: Alianza, 2005.

González Pérez, Juan Antonio *Nigrán. Memoria dunha guerra 1936-1939*. Vigo: Cumio, 1998.

Lamela, Luís. "José Carrera, el filántropo olvidado", *La Voz de Galicia*, 22/2/2020.

Losada Carrera, Manuel. *Vigo y su progreso (Un puñado de verdades)*. Alacante: Imprenta Lucentum, 1927.

Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel. "La modernización educativa en España en un escenario de cambio social y de apertura democrática: Conversaciones con Pedro Caselles Beltrán, Director General de Educación Básica (1976-1982)." *Historia y Memoria de la Educación* 14 (2021): 695-745.

- Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel. "Ignacio Ares de Parga e a educación democrática. Un mensaxeiro de tempos novos entre Arxentina e Galicia." *Revista de Estudos Miñoranos* 3 (2003): 97-114.
- Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel. "A 'Escuela Americana' do Val Miñor: modernización e reforma pedagóxica na Galicia do primeiro tercio do s. XX." Sarmiento. *Anuario Galego de Historia da Educación* 8 (2004): 21-41.
- Malheiro Gutierrez, Xosé Manuel. *As escolas de emigrantes e o Pensamento Pedagóxico: Ignacio Ares de Parga e Antón Alonso Ríos*. Sada: Castro, 2006.
- Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel. "A influencia do contexto arxentino na Unión Hispano Americana Pro Valle Miñor a través do pedagogo Ignacio Ares de Parga". En *Actas do Congreso Emigración e Educación (1900-1936). I Centenario das Escolas da Unión Hispano-Americana Valle Miñor (1909-2009)*, editado por Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez, 297-319. Gondomar: IEM, 2011.
- Méixome, Carlos. "Noticia dun mestre: Eladio Ferreiro". En *Actas do Congreso Emigración e Educación (1900-1936). I Centenario das Escolas da Unión Hispano-Americana Valle Miñor (1909-2009)*, editado por Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez, 389-412. Gondomar: IEM, 2011.
- Méixome, Carlos. *Catas na memoria*. Santiago: Laiovento, 2021.
- Pascual Abal, Rosa. "Dous benfeitores: Manuel Losada e Manuel Lemos" En *Actas do Congreso Emigración e Educación (1900-1936). I Centenario das Escolas da Unión Hispano-Americana Valle Miñor (1909-2009)*, editado por Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez, 321-342. Gondomar: IEM, 2011.
- Porto Ucha, Anxo Serafín. *Mestres e mestras pontevedresas depuradas polo franquismo*. Ponteareas: Alén Miño, 2008.